




## VALEDOR DO POBO



D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Montero Cabezón  
AA. VV. O Cruceiro de Canido  
Rúa Poeta Pérez Parallé, nº 1- baixo  
15401 - FERROL (A Coruña)

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2007

### Estimada Sra.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente a unha estación base de telefonía móvil no Concello de Ferrol.

Ante iso solicitamos, como vostede coñece, información ao Concello de Ferrol, que recentemente nola remitiú. Na mesma sinálase o seguinte:

"Primeiro.- Por acordo da Comisión de Goberno do día 12 de novembro de 2001, aprobase proposta de denegación de licenza de obras a XFERA MÓVILES S.A. para instalación de estación base de telefonía móvil en Alegre número 41.

Segundo.- Con data de nove de outubro de 2002, dispõe a incoación de procedemento de clausura da actividade de estación base de telefonía móvil síta en R/ Alegre, 41, sendo o titular o Sr. Luís Ramírez Verá en nome de Xfera Móviles S.A.

Terceiro.- O 2 de febreiro de 2006, emítese informe técnico sobre a instalación telefonía emprazada no inmoble sito na rúa alegre 41 que di:

A) Segundo informe do Ministerio de Industrial Turismo y Comercio que consta nestes servizos, non conta Xfera Móviles, S.A. como operador autorizado.

b) No Ministerio de Industria, Turismo y Comercio, tampouco consta a instalación neste emprazamento na relación que este Ministerio ten da que existen autorizadas e en funcionamento.

Da información municipal transcrita dedúcese que a antena non foi autorizada polo Concello, e que xa en outubro de 2002 incoouse o expediente de clausura, o que supón que a mesma foi executada irregularmente e que ao parecer se atopa en funcionamento, posto que vostedes seguen a reclamar ante o Concello pola súa presencia.



## VALEDOR DO POBO

O anterior sucede, como dixemos, a pesar de carecer das preceptivas licencia municipais de obra e mais de actividade e funcionamento, esta última de acordo co previsto no RAMINP. Pois ben, en relación con todo o sinalado o ente local non indica cal foi o resultado do expediente que cita, nin a actividade desenvolvida para restablecer a legalidade urbanística e medioambiental, evitar o funcionamento da antena e sancionar os feitos indicados, que de confirmarse constituirían infracción administrativa. Tampouco se aclara porque non se respondeu á denuncia promovida pola asociación de veciños reclamante.

Por todo o sinalado anteriormente o día de hoxe de novo nos diriximos ao Concello de Ferrol, co fin de requirir que **con urxencia** se facilite aclaración sobre os extremos citados, e sobre as medidas adoptadas ou previstas. Axiña recibámolo correspondente informe que ese Concello debe remitirnos poñerémonos de novo en comunicación con vostede, dándolle conta da nosa actuación e, a ser posible, da solución do seu problema.

Agradecéndolle a confianza que nos demostra, saúdalo atentamente.

O Valedor do Pobo

José Ramón Vázquez Sandes